

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 9 DE ABRIL DE 2012.

En Bergondo, a 9 de abril de 2012 sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo).

Asistentes:

- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- Dna. Carmen Borobio Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de emprego, promoción económica e turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. José Francisco Castro Vilariño, en calidade de asesor externo da Asociación “Mariñas – Betanzos”.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

Preside a reunión D. Cesar Longo Queijo, Vicepresidente da Asociación e Alcalde de Paderne. En ausencia da Secretaria fai as súas funcións D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER 2007-2013.

2.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.1.1. Estudo: Posta en valor da Vía XX “A Per Loca Marítima nas Mariñas – Coruñesas e mapa de rutas Mariñas – Betanzos”.

Con data 19 de decembro de 2011 emitíuse solicitude de axuda para o estudo: posta en valor da vía XX “A PER LOCA MARÍTIMA” nas Mariñas-Coruñesas e mapa de rutas Mariñas-Betanzos.

A Asociación Mariñas-Betanzos ten rematada a 1º parte dun estudo para poñer en valor a Vía XX “Per Loca Marítima” no territorio Mariñas-Betanzos e que consistía nun estudo de base co obxecto de identificar bibliográficamente según a documentación o camiño teórico da Vía XX polo ámbito territorial de “Mariñas-Betanzos” co obxecto de documentar a traza e poder nun futuro trazar unha ruta turística.

Este proxecto consiste na verificación sobre o terreo da traza da Vía, así como a e na elaboración dun mapa do territorio, onde aparte de marcar a Vía XX, sinalaríanse os recursos máis salientables do territorio e outras rutas.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 4.375.-€ (IVE incluído). Esta iniciativa encaixa na medida 431B de adquisición de capacidades e promoción do territorio.

Con data 15 de marzo de 2012, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 100 puntos, correspondéndolle un 20% de axuda do Programa Leader e un 80% ao Programa de Promoción económica da Deputación Provincial de A Coruña. A axuda do Programa Leader ascende a 875.-€ , sobre un orzamento elixible de 4.375.-€

A Xunta Directiva acorda aprobar este proxecto, enviando esta resolución a AGADER.

3. CANDIDATURA RESERVA DA BIOSFERA: ÓRGANO DE XESTIÓN.

Xúntase arquivo con proposta de posible órgano de xestión (**VER ANEXO II**)

Informar ao respecto das Mocións Institucionais da Candidatura a Reserva da Biosfera que 13 concellos aprobaron esta Moción nos seus Plenos, estando pendente de entregar a certificación Plenaria desta Moción na sede do GDR Mariñas - Betanzos 5 concellos (Cambre, Culleredo, Oza dos Ríos, Cesuras e Miño).

A Xunta Directiva acorda que dende o Equipo Técnico se chame aos concellos que teñen pendente a Moción para ver porque están pendentes.

Ao respecto do Órgano de Xestión, acórdase falar co Concello de A Coruña ao respecto da súa participación.

Apróbase un documento de traballo inicial de Órgano de Xestión, deixando aberta a pertenza nas Áreas do Consello Científico, para ter unha maior funcionalidade nos distintos temas a abordar.

4. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO “MARIÑAS – BETANZOS” E PROGRAMA INFO XOVE

ACCIÓNS OFERTADAS AO VOLUNTARIADO (2012):

4.1. PLAN DE DESENVOLVEMENTO DO SECTOR AGROALIMENTARIO (2007-2013).

O GDR Mariñas – Betanzos ten abertas 5 liñas de traballo:

1. **Recuperación das variedades tradicionais** galegas, así como probar novos cultivos de interese, fomentando a incorporación de novos activos agrarios.
2. Facilitar a **comercialización** das producións.
3. **Mellorar os canais comerciais**, fundamentalmente a través de circuítos cortos, así como avaliando a posible creación de marcas de calidade.
4. Fomentar a **innovación** nas industrias agroalimentarias do territorio para mellorar a súa competitividade.
5. **Contribuír á redución das emisións de CO²** nos territorios asociados, buscando que as oficinas LEADER funcionen como “Oficinas de loita contra o cambio climático”.

En base a estas liñas de traballo, as actividades que se levaran a cabo con persoal voluntario sería:

1. Asistir ás feiras que se celebren no ámbito territorial de Mariñas – Betanzos, participando na difusión das liñas de traballo dentro do stand da Asociación.

2. Participar na organización de charlas de difusión, co obxecto de dinamizar as liñas de traballo do Grupo.

4.2. CANDIDATURA A RESERVA DA BIOSFERA DO TERRITORIO.

As funcións que deben cumprir as Reservas de Biosfera veñen establecidas no artigo 3 do Marco Estatutario, así coma nas directrices da Estratexia de Sevilla (1995), aprobadas pola Resolución 28C/2.4 da Conferencia Xeral da UNESCO, e son as seguintes:

- **FUNCIÓN DE CONSERVACIÓN:** protexer e manter en bo estado os recursos xenéticos, as especies, os ecosistemas e as paisaxes de cada territorio.
- **FUNCIÓN DE DESENVOLVEMENTO:** promover activamente un desenvolvemento económico e humano sostible, desde os puntos de vista sociocultural e ecolóxico.
- **FUNCIÓN DE APOIO LOXÍSTICO:** apoiar e alentar actividades de investigación, de educación, de formación e de observación permanente, relacionadas coas actividades e/ou problemas de interese local, nacional ou mundial, encamiñadas á conservación e ao desenvolvemento sostible.

O persoal voluntario poderá participar nas actividades de DIFUSIÓN sobre os obxectivos da Reserva de Biosfera, así como na súa posta en marcha. Apoio na exposición itinerante polos 18 concellos do territorio.

4.3. INCORPORACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS ÁS EMPRESAS DO SECTOR.

Apoio ás diferentes empresas agroindustriais da Comarca de Betanzos, a través da información sobre páxinas web, blogs e boletíns informativos das súas entidades, co obxecto principal de promocionar e dar difusión a estas entidades.

4.4. FOMENTO ENERXÍAS RENOVABLES E AFORRO ENERXÉTICO.

O persoal voluntario prestará apoio no reparto de información e difusión de tecnoloxías para mellora e aforro enerxético.

Todas as persoas voluntarias que participen neste Programa estarán aseguradas polos riscos que poidan derivarse do exercicio da actividade voluntaria, polos capitais que regulamentariamente se establezan.

Actualmente existe unha póliza de Responsabilidade Civil para asistentes a cursos de formación voluntarios.

Por outra banda, tense solicitado dentro do Programa INFO XOVE unha axuda para o desenvolvemento dun proxecto que levará por título: “Identificación e difusión de oportunidades de emprego para a xuventude no medio rural”.

O orzamento total do proxecto sería de 4.000 euros e serían destinados ás seguintes partidas:

- Identificación de oportunidades de emprego no medio rural e elaboración de páxina web como punto de encontro de oferta e demanda. 2.000 euros
- Asistencia a feiras do territorio do territorio para difundir a información (aluguer carpas, stand, material promocional, etc.). 2000 euros.

5. CONGRESO ASOCIACIÓN DE GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA.

Tal como se falou en reunión de Xunta Directiva celebrada o día 13 de febreiro a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia ten previsto celebrar no mes de novembro de 2012 un Congreso sobre Desenvolvemento Rural.

Para elo iniciárase un **proceso de debate** entre todos os GDR's co obxectivo de identificar necesidades e oportunidades para o rural galego no futuro Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia (2014-2020).

Organizaríase un calendario de debates sobre temas de interese para o rural galego. Cada xornada de debate realizase nun territorio distinto, de forma que participen os GDRs que así o desexen.

Propónse que dende o GDR Mariñas – Betanzos se organizase un FORO arredor da temática “Oportunidades na cooperación urbano – rural”, dende varios enfoques:

- O eminente carácter urbano-rural do territorio Mariñas – Betanzos.
- A importancia que estas relacións urbano-rurais poden ter na futura Reserva da Biosfera.
- A incidencia que ten no borrador do Regulamento Europeo de Desenvolvemento Rural (2014-2020) as relacións urbano-rurais e a incidencia nas estratexias de desenvolvemento dos territorios a través do Programa LEADER, abordando estes temas específicos como:
 - a) Xóvenes agricultores
 - b) Pequenos produtores
 - c) Áreas de montaña
 - d) Comercialización en circuitos curtos.

As conclusións desta xornada, presentaríanse no Congreso de Santiago de Compostela, e incorporaríanse á publicación final, que recolle as propostas para o Programa de Desenvolvemento Rural (PDR 2014-2020).

6. PROPOSTA DE ACCIÓNS DENTRO DA MEDIDA 431-B PROGRAMA LEADER.

Proponse á Xunta Directiva abrir dous novos expedientes dentro da Medida 431-B, anualidade do 2012, co obxecto de imputar proxectos da Asociación “Mariñas – Betanzos”:

- 12.000 euros para apoiar feiras do ámbito territorial de “Mariñas – Betanzos” para promoción e difusión do territorio e do Programa LEADER. (Aluguer de carpas, stands e material promocional).

- 8.514,64 euros para realizar diferentes actuacións:

1. Elaboración material promocional para asistencia a feiras.
2. Dinamización da Candidatura a Reserva de Biosfera (órgano de xestión, etc.). Xornadas Técnicas.
3. “Foro de oportunidades na cooperación urbano rural”, dentro do Congreso organizado pola Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.

A Xunta Directiva acorda que se abran estes dous novos expedientes dentro da Medida 431-B.

7. SEGUIMIENTO PROGRAMA “AGROEMPREGA”.

O Equipo Técnico ten informado telefonicamente e enviado información postal a máis de 80 titulares de explotacións de horta da comarca de Mariñas – Betanzos, co obxecto de ofrecerlles a posibilidade de que o alumnado do Programa AGRO-EMPREGA poida facer prácticas nas citadas explotacións entre os meses de abril e xuño de 2012.

Por tal motivo, celebrouse o día 27 de marzo de 2012 unha xornada informativa no Concello de Abegondo onde se lles explicou aos asistentes o funcionamento das prácticas deste Programa, así como as dúbidas xurdidas. Nesta reunión 10 titulares de explotacións xa manifestaron o seu interese en acoller a alumnos en prácticas, quedando pendentes outros 15. Tamén informar que algúns titulares que non acudiron mostraron o seu interese, quedando emprazados para visitalos persoalmente nestes días.

Por outra banda, temos recibido na Asociación Mariñas – Betanzos demanda de distintas persoas ao respecto de impartir formación práctica en produción de horta ecolóxica. A este respecto podería avaliarse o interese real, así como os posibles custes, coa idea de lanzar cursos nos meses de xullo e agosto, unha vez rematado o Programa Agro-Emprega.

A Xunta Directiva acorda lanzar a idea, para ver si existe demanda para impartir dita formación.

8. PROPOSTA E APROBACIÓN SE PROCEDE DE ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS E ADHESIÓN Á MESA SECTORIAL CORRESPONDENTE.

8.1. Concello de Sobrado dos Monxes

Con data 28 de marzo de 2012 ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” certificado plenario do Concello de Sobrado dos Monxes, de entrar a formar parte como membro asociado do GDR Mariñas – Betanzos e participar no proceso de candidatura para declaración como Reserva de Biosfera.

O concello de Sobrado atópase situado no ángulo suroriental da provincia de A Coruña, limitando coa provincia de Lugo, a súa identificación está determinada polo Mosteiro que lle dá nome ao municipio: Sobrado dos Monxes. Limita ao norte co concello de Curtis, ao leste cos de Vilasantar e Boimorto, ao sur cos de Melide e Toques e ao oeste, xa na provincia de Lugo, os de Guitiriz e Friol. Ao oeste, a serra de Cova da Serpe e os Montes do Corno do Boi separan ao municipio da provincia de Lugo. Xunto cos concellos de Toques, Melide e Santiso constitúe a comarca de Terra de Melide.

A extensión territorial do municipio é de 120,24 Km², Organizándose o seu territorio en dez parroquias, tendo unha poboación a día de hoxe de 2.130 habitantes.

Tamén ten solicitado participar ao 100% no proxecto de Candidatura a Reserva da Biosfera que abarca aos municipios das concas fluviais dos ríos Mandeo e Mendo.

MESA SECTORIAL: SECTOR INSTITUCIONAL

Tras debate, acórdase dar entrada ao Concello de Sobrado dos Monxes como entidade asociada en Mariñas – Betanzos, aínda que o territorio non resulta elixible no Programa LEADER.

Tense valorado na decisión o feito da Conexión co territorio Mariñas – Betanzos a través da Cunca do Mandeo, destacando proxectos emprendidos polo Concello de Sobrado por mellorar o entorno do río, a calidade das augas e o seu atractivo turístico.

9. PROPOSTA PRESENTACIÓN PROXECTO “INCUBADORA RURAL DE EMPREGO”, DENTRO DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE EMPREGO A TRAVÉS DO PROGRAMAS DE COOPERACIÓN. CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR.

Con data 12 de marzo de 2012 ten saído publicado no DOG a Orde do 28 de febreiro de 2012 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2012.

Propónse á Xunta Directiva presentar unha proposta ao abeiro desta Orde consistente en artellar unha “Incubadora rural de emprego” para a xeración de oportunidades de emprendemento e emprego sostible no territorio de “Mariñas – Betanzos”.

Formaríase un Equipo Técnico multidisciplinar, relacionado cos recursos con potencial de creación de emprego no medio rural, que identificarían oportunidades centradas nos recursos locais, difundirían estas oportunidades de emprendemento, e prestarían apoio a desempregados e emprendedores rurais, interesados en poñer en marcha proxectos empresariais xeradores de emprego rural e ligados ao aproveitamento sostible dos recursos.

A Xunta Directiva autoriza que se inicien os trámites desta solicitude, así como autorizar á Presidencia e Vicepresidencia como representantes en todas as autorizacións que se deriven do proxecto.

10. ROGOS E PREGUNTAS

10.1.- PECHE DE EXPEDIENTES DO PROGRAMA LEADER 2007-2013

10.1.1. CREACIÓN ADEGA EN BETANZOS (L10-41300-29-0068).

Con data 15 de novembro de 2010, Esteban Fernández-Couto Tella, presentou solicitude de axuda no marco do Programa LEADER Galicia 2007-2013, para o proxecto “L10-41300-29-0068 Creación de adega en Betanzos”, consistente na adaptación de bar para nova apertura.

Con data 08 de abril de 2011 o promotor presenta a desistencia da axuda solicitada.

A Xunta Directiva acepta esta desistencia por parte do promotor e acorda que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

10.2. PUNTOS A TRATAR NA PRÓXIMA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA.

Por falta de tempo, se propón que un dos temas a tratar na vindeira reunión de Xunta Directiva sexa o “Fomento do voluntariado – apadriñamento ríos”.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.30 horas.

En Bergondo, a 9 de abril de 2012

O Secretario accidental

Vº e prace Vicepresidente

Asdo.: D. Rodrigo López Piquín

Asdo.: D. Cesar Longo Queijo